

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/01/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 17/01/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de xaneiro de 2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0061

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Reformas Trebol, S.L. para os traballos de reparacións de filtracións de auga no tellado do CEIP de Rubiáns, por un importe total de 5.082,00€ (IVE incluído) con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0050

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrian Abalo Garanger solicitando reposición de pivotes na rúa Valladares, e denunciando o estado das beirarrúas das rúas Valladares, Catoira e Asturias. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se repoñan os 2 pivotes na rúa Valladares, e dar conta a Cespa para que proceda á limpeza extraordinaria das beirarrúas nas rúas Valladares, Catoira e Asturias, xa que se atopan con bastante verdín e herbas.

PRP2022/0048

Dáse conta do escrito presentado por Don Marcos Rodríguez Martínez e/n Partido Poítico VOX, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa colocación dunha mesa, o día 15 de xaneiro de 2022, en horario de 11:30 a 14:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0049

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rebeca Dasilva Pérez e/n Antonio Alonso Ramos, en relación ó estado do mantemento da sinalización nas rúas das Pías. A Xunta de Goberno Local visto o informe da Policía Local acorda que se leve a cabo o mantemento da sinalización horizontal á maior brevidade posible. Acordase así mesmo elevar o paso de peóns á altura do nº16 da rúa das Pias, xa que melloraría a seguridade viaria.

PRP2022/0062

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera para reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU, por un importe total de 1.004,81€ (IVE incluído), con cargo á partida 454-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

PRP2022/0064

Dáse conta da circular aclaratoria da Deputación de Pontevedra en relación ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, en relación ao prazo de presentación de solicitudes e os cambios normativos en materia laboral que afectan á liña 3: Emprego para a Conservación e o Funcionamento de Bens e Servizos Municipais. a Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/0068

Dáse conta de Proposta das Concellerías de Benestar Social e Medio Ambiente para a contratación a BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L. para Actuación de limpeza, mantemento e conservación de espazos naturais de uso público na contorna do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2022.

Esta colaboración vense desenvolvendo dende fai anos, coa finalidade de favorecer a integración socio-laboral das persoas de espectro autista usuarias dos Centros de Bata. Bata é a única entidade de atención a persoas cos autismo en Vilagarcía de Arousa e que ademais conta cun centro especial de emprego para favorecer a integración laboral das persoas con autismo.

A contía da contratación para o ano 2022 ascende a 9.272,64 € (IVE INCLUIDO)

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SL para a actuación "limpeza, mantemento, conservación de espazos naturais de uso público e zonas verdes no entorno do Concello de Vilagarcía de Arousa durante o ano 2022", polo importe citado de 9.272,64 €, con cargo ás partidas 231.22799 (4.636,32 €) e 171.22799 (4.636,32 €)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2022/0042

Dáse conta da Resolución recaída no Expte. TR351B 2021/17-5 da Consellería de Emprego e Igualdade con entrada neste concello o 4 de xaneiro de 2022 pola que se concede unha subvención para cubrir parte dos custos salariais da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Mar Caramés Moreira.

A subvención financia o 33,54 % dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

O importe da subvención ascende a 15.192,37 Euros, segundo a Orde de 28 de outubro de 2021 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2021.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0066

Vista a proposta do Director do Obradoiro Dual de Emprego OE FORME 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Grupo Electro Stocks SLU (Kilowatio Arousa) para o subministro de ferramentas e material de formación para o alumnado do Módulo de Mantemento de Redes Eléctricas Domóticas e Inmóticas do Obradoiro, por un importe total de 2.661,47 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0067

Dáse conta de escrito do Servizo de Orientación Laboral, da Consellería de Emprego e Igualdade autorizando o mantemento provisional dos servizos de orientación laboral que foron subvencionados para o exercicio de 2021, dado que aínda non saíu publicada a convocatoria de axudas para o exercicio de 2022, podendo solicitar autorización provisional do servizo remitindo antes do 31 de xaneiro os modelos correspondentes por correo electrónico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda que se realice a correspondente solicitude, así como a continuidade do servizo citado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/0058

Vista a proposta da Concellería de medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa AIBASA para a reparación do vehículo matrícula 5441-JHS, por un importe total de 1.168,86 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0059

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 230, do 27 de novembro de 2021, publicáronse as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2022-2023.

En data 10/08/2020 a Xunta de goberno Local acorda adxudicar a Lam Villa Arquitectura, S.L.P. a redacción do proxecto básico e de execución para Humanización da Rúa Aquilino Iglesia Alvariño” cun importe de licitación de 178.755,18 € (IVE incl.), supervisado favorablemente polo Arquitecto Municipal e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en data 09/12/2021.

Por acordo da XGL de data 09/12/2021 solicitouse á Deputación de Pontevedra a financiación do 100% do proxecto con cargo ao Plan Concellos 2022-23 (Registro de Entrada WEB2021049318, de data 21/12/2021). Dado que neste momento no orzamento municipal existe un remanente de 100.000,00 euros, propónse á Xunta de Goberno Local que acorde modificar a porcentaxe do investimento a solicitar á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos 2022/2023 pasando do 100% ao 44,06% (é dicir, por importe de 78.755,18 €), sendo os 100.000,00 € restantes financiados con fondos propios.

Tendo en conta que este concello cumpre con tódolos requisitos esixidos pola convocatoria de subvención, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a cofinanciación do proxecto denominado “HUMANIZACIÓN DA RÚA AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO ” por importe de 78.755,18 € con

cargo as bases de subvención para o Plan Concellos 2022/2023, dirixidos ós concellos da provincia, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 230, do sábado 27 de novembro de 2021 e correndo a cargo deste Concello o importe restante de 100.000,00 €.

PRP2022/0070

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 8 de febreiro de 2021 adjudicouse o contrato denominado "Reforma de edificación para albergue de Peregrinos-Carril", cofinanciado pola Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, á empresa Obras Gallaecia, S.L.

O contrato administrativo foi asinado con data 5 de marzo de 2021, cun prazo de execución de 10 meses. Tendo en conta que a acta de comprobación de replanteo foi asinada o 13 de abril de 2021 o prazo de execución finaliza o 13 de febreiro de 2022.

Con data 16 de decembro de 2021 (registro web 2021008732), a través da sede electrónica do concello de Vilagarcía de Arousa, don Francisco Gómez Portela, en representación de Obras Gallaecia, S.L., presenta solicitude de ampliación do prazo de execución ata o 13 de xuño de 2022.

Dáse conta de informe xurídico no que se indica:

...)

O artigo 193.1 da Lei 9/2017 de Contratos del Sector Público establece que el contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. Así mesmo o apartado 2 do artigo 195 do mesmo texto legal indica que si o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o citado prazo de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista diga un prazo menor. O responsable do contrato emitirá un informe onde se

determine se o retraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

O artigo 100.2 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, literalmente di: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de 15 días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración, ós efectos de que a Administración poida oportunamente, e sempre antes da terminación do prazo de execución do contrato, resolver sobre a prórroga do mesmo, sen prexuízo de que unha vez desaparecida a causa se reaxuste o prazo prorrogado ó tempo realmente perdido.

Se a petición do contratista se formulara no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre dita petición antes dos quince días seguintes ó do remate do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegara a prórroga solicitada, ou non resolvera sobre ela."

O investimento de referencia atópase financiado, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, rematando o prazo de execución dos investimentos o 31 de xullo de 2022, polo que, en principio, aos efectos de cumprimento do prazo establecido polo órgano concedente da subvención, non existiría inconvinte na ampliación solicitada.

Tendo en conta todo o exposto e os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra e do director de execución material, de data 11 de xaneiro de 2022, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Obras Gallaecia SL a ampliación do prazo de execución da obra de "Reforma de edificación para albergue de peregrinos-Carril", ata o 13 de xuño de 2022.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:06 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.